



## PROGRAMA XOGADE (XOGOS GALEGOS DEPORTIVOS) EN IDADE ESCOLAR PARA CURSO 2017-2018

Organiza:



**XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte

SERVIZO PROVINCIAL DE DEPORTES  
Ronda da Muralla 70, 1ª planta 27001  
LUGO  
Telef. 982 29 45 60 – Fax 982 29 45 65  
deporte.escolar.lugo@gmail.com

Colabora:



FEDERACION GALLEGA  
DE ATLETISMO

FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO  
DELEGACIÓN DE LUGO  
Avd. Filarmónica s/n. 27002 Lugo  
Teléfono: 627.54.94.61. Secretaría: 699.51.91.41  
Correo electrónico: delegacionfgalugo@gmail.com/  
lugo@atletismo.gal  
Web: <http://www.fgatletismo.es/lugo/>

**ATLETISMO EN PISTA**

## NORMAS XERAIS

### INSCRIPCIÓN DOS PARTICIPANTES:

Poderán inscribirse neste programa XOGADE na modalidade de Atletismo en Pista, todos os clubs, os centros de ensino, asociacións, ANPAS, etc, que cumbran os requisitos da inscrición.

A inscrición realizarase a esta modalidade de Atletismo en Pista será a través da aplicación informática que se atopa na páxina Web:

[www.deporteescolargalego.org](http://www.deporteescolargalego.org).

As datas límite para a inscrición, están especificadas nas distintas modalidades deste programa.

## REGULAMENTO COMPETICIÓN ATLETISMO EN PISTA.

### INSCRICIÓN.

Data límite da inscrición dos equipos participantes na aplicación informática da web, será o 31 de xaneiro do 2.018.

A mutualización dos atletas de cada entidade deberá facerse, como máximo, ata 3 días antes da participación no mesmo.

A inscrición realizarase a través da intranet da RFEA na páxina web:

<https://isis.rfea.es/sirfea2/>.



Aquelas entidades que non teñan usuario deberán enviar un e-mail a: [competicion@atletismo.gal](mailto:competicion@atletismo.gal), indicando o nome da entidade, tras o cal recibirán un e-mail co nome de usuario e contrasinal.

Unha vez dispoña de alta no sistema online, procederase a entrar na páxina web <https://isis.rfea.es/sirfea2/>, entrando con nome e usuario da entidade.

Xa dentro da aplicación web, ir a “Área Competición”, marcar “Inscricións Territoriais”, abrirase unha nova pantalla e filtraremos por “Federación: GALICIA”, e alí teremos os listados das competicións. Pulsado no icona de inscricións, procederemos a inscribir a cada atleta na súa proba.

No caso de non atopar na relación de cada entidade a algún dos deportistas, deberá enviarse un correo para que se engada este deportista á base de datos. Esta xestión farase enviando ao correo [competicion@atletismo.gal](mailto:competicion@atletismo.gal) os seguintes datos (nome e apelidos, data de nacemento, clube, licenzia ou mutualidade, ...)

Calquera dúbida relativa coa inscrición poderase chamar por teléfono a FGA (981291683) a atención de Luis.

Data límite de inscrición será antes das **21:59 do xoves anterior a cada proba clasificatoria.**

Os dorsais serán recollidos por cada entidade na secretaría da competición.

## CATEGORÍAS:

Categorías no curso 2017-2018.

CATEGORÍA	ANOS
Benxamin/sub10	2010-2009
Alevín/sub12	2008-2007
Infantil/sub14	2006-2005
Cadete/sub16	2004-2003

## OBXETIVOS XERAIS.

Fomentar unha práctica deportiva, educativa e saudable.

Difundir os valores da competición dende unha perspectiva máis regrada.

Experimentar a práctica atlética dende unha perspectiva máis regrada.

## SISTEMA DE COMPETICIÓN.

### COMPETICIÓN INDIVIDUAL.

- Fases Clasificadoras, para as categorías Benxamín, Alevín, Infantil e Cadete. Tanto masculino coma feminino.
- Campionato Provincial, para as categorías Benxamín, Alevín e Infantil.

### COMPETICIÓN PROBAS COMBINADAS

- Alevín e Infantil: Campionato Provincial.

### FASES

Celebraránse dúas xornadas clasificatorias á fase final provincial, nas que se programarán todas as probas indicadas no cadro anexo.

Nas fases previas ao provincial específicas para benxamin, alevín e infantil individual, autorizarase a inclusión de probas e participación dos atletas cadetes, sempre que non provoque unha alteración no desenvolvemento da xornada.

No caso das probas combinadas realizarase un Campionato Provincial de Probas Combinadas sempre coincidindo en data cos campionatos en pista. A inscrición é aberta, sen clasificación previa. No suposto de que nalguna provincia se prevea unha participación masiva, esta poderá limitarse a un número determinado de participantes por entidade, en función da dispoñibilidade organizativa.

### PARTICIPANTES POR ENTIDADE

Cada entidade poderá participar nas fases previas co número de participantes que desexe, a excepción dos concursos, nos que o número máximo de participantes por entidade, proba e categorías será de 6. En casos de escasa participación, e de forma excepcional, os Servizos Provinciais poderán autorizar a participación de máis atletas por proba e entidade, sempre que non se interrompa o normal desenvolvemento da competición. A participación nas fases provinciais queda supeditada a normativa propia de cada Campionato.

Cada entidade só poderá presentar un **equipo de relevos** por categoría e sexo.

### PARTICIPACIONES MÁXIMAS

**Benxamín e Alevín.** Cada atleta poderá participar nun máximo de 2 probas. No caso de ser carreiras, somentes unha poderá superar os 250 m. A proba de relevos considerase a tódolos efectos unha proba (carreira).

**Infantil e Cadete.** Cada atleta poderá participar como máximo en tres probas das que compoñen o programa, respectando sempre a seguinte norma: 3 concursos, un concurso e 2 carreiras, ou 2 concursos e unha carreira. No caso de participar en 2 carreiras, somentes unha poderá superar os 250 m en infantís e os 600 m en cadetes. A proba de relevos considerase a tódolos efectos unha proba (carreira).

Os participantes en Triatlón (alevín) e os participantes en Tetratlón (Infantil) non poderán participar na mesma xornada noutra proba do programa individual nin no relevo.

### NÚMERO DE INTENTOS.

**Xornadas previas á provincial.** Nos saltos horizontais e lanzamentos os participantes terán dereito a 3 intentos, excepto naquelas probas nas que teñan 9 ou menos participantes, nas que se realizarán 3 intentos e mellora.

**Campionatos provinciais.** Todos os concursos se celebrarán con mellora.

### CLASIFICACIONES.

**Para o Campionato Provincial.** Para as categorías Benxamín, Alevín, Infantil (masculino e feminino), clasificaranse as 16 mellores marcas das fases clasificatorias en cada proba. Se algún ou algunha atleta non puidera participar en ningunha das fases previas por motivos de enfermidade, lesión, etc, será potestade do Servizo Provincial correspondentes a súa admisión na fase provincial, previa proposta razoada da Federación Galega ou Delegación Federativa correspondente.

Na categoría **cadete masculino e feminino** clasificaranse para o Campionato Galego os atletas que acaden as marcas mínimas establecidas pola Federación Galega de Atletismo.

No Campionato Provincial, as carreiras por rúas celebrarase semifinal e final, clasificándose para a final segundo o artigo 166.2 da Regulamentación Internacional de Atletismo.

CATEGORIA MASCULINA				CATEGORÍA FEMENINA			
BENXAMIN SUB10	ALEVIN SUB12	INFANTIL SUB14	CADETE SUB16	BENXAMIN SUB10	ALEVIN SUB12	INFANTIL SUB14	CADETE SUB16
50 ml	60 ml	80 ml	100 ml				
		150 ml	300 ml				
500 ml	500 ml	500 ml	600 ml	500 ml	500 ml	500 ml	600 ml
1000 ml	1000 ml	1000 ml	1000 ml	1000 ml	1000 ml	1000 ml	1000 ml
	2000 ml	2000 ml	3000 ml		2000 ml	2000 ml	3000 ml
		80 mv (0.84)	100 mv (0.91)			80 mv (0.84)	100 mv (0.91)
		220 mv (0.76)	300 mv (0.84)			220 mv (0.76)	300 mv (0.84)
		1000 obst	1500 obst			1000 obst	1500 obst
1 km marc.	2 km marc.	3 km marc.	5 km marc.	1 km marc.	2 km marc.	3 km marc.	5 km marc.
Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude
Altura	Altura	Altura	Altura	Altura	Altura	Altura	Altura
		Triple Salto*	Triple Salto				
		Pértega	Pértega			Pértega	Pértega
Peso 1kg	Peso 2kg	Peso 3kg	Peso 4kg	Peso 1kg	Peso 2kg	Peso 3kg	Peso 4kg
		Disco 800gr	Disco 1kg			Disco 800gr	Disco 800gr
	Martelo 2kg	Martelo 3 kg	Martelo 4kg		Martelo 2kg	Martelo 3 kg	Martelo 3kg
Pelota 200 gr	Pelota 300 gr	Xavalina 500 gr	Xavalina 600 gr	Pelota 200 gr	Pelota 300 gr	Xavalina 400 gr	Xavalina 500 gr
4x50	4x60	4x80		4x50	4x60	4x80	
<b>triatlón</b>	<b>triatlon</b>	<b>tetratlon</b>		<b>triatlón</b>	<b>triatlon</b>	<b>tetratlon</b>	
50 ml	60 ml	80 ml		50 ml	60 ml	80 ml	
Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude		Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude	
Peso 1kg	Peso 2kg	Peso 3kg		Peso 1kg	Peso 2kg	Peso 3kg	
		80 mv				80 mv	

(\*) Con táboa a 6 e 8 m e carreira máxima de 15 m



## **ELEVACIÓNS SUCESIVAS DO LISTÓN EN SALTO DE ALTURA.**

Benxamin/sub10

0,80 – 0,85 – 0,90 – 0,95 – 1,00 – e de 3 en 3 cm.

Alevin/sub12

0,85 – 0,90 – 0,95 – 1,00 – 1,05 – e de 3 en 3 cm.

Infantil/sub14

0,90 – 0,95 – 1,00 – 1,05 – 1,10 – e de 3 en 3 cm.

Cadete Feminino/sub16.

1,20 – 1,25 – 1,30 – 1,35 – 1,38 – 1,41 – 1,43 – e de 2 en 2 cm.

Cadete Masculino/sub16.

1,30 – 1,35 – 1,40 – 1,43 – 1,46 – 1,49 – e de 2 en 2 cm.

## **ELEVACIÓNS SUCESIVAS DO LISTÓN EN SALTO DE PÉRTEGA.**

Alturas supeditadas o mínimo permitido polos saltómetros (pode que se empece en altura superior a indicada)

Infantil/Cadete Masculino.

1,60 – 1,80 – 2,00 – 2,20 – 2,40 – 2,60 – 2,70 – 2,80 – 2,90 – 3,00 – e de 5 en 5 cm.

Infantil/Cadete Feminino.

1,60 – 1,70 – 1,80 – 1,90 – 2,00 – 2,05 – e de 5 en 5 cm.

## CALENDARIO DE PROBAS.

As probas preparatorias e provincial celebrarase no Estadio Gregorio Pérez Rivera en Lugo, sendo aconsellable o uso de zapatillas de cravos, sen que estes sobrepasen os 6 mm de lonxitude, quedando exentos desta norma os participantes nas probas de marcha e lanzamento de peso/disco e martelo.

As probas a celebrar son:

- 15 de abril do 2.018 – 1ª Xornada Clasificatoria
- 29 de abril do 2.018 – 2ª Xornada Clasificatoria.
- 20 de maio do 2.018 – Campionato Provincial Individual e Probas Combinadas.

## MÁIS INFORMACIÓN.

Federación Galega de Atletismo:  
[atletismo.gal](http://atletismo.gal)

Secretaría Xeral para o Deporte:  
[www.deporteescolargalego.com](http://www.deporteescolargalego.com)

Deporte Escolar en Lugo:  
<http://deporteescolarlugo.blogspot.com/>

Delegación en Lugo da FGA:  
<http://www.fgatletismo.es/lugo>

